

ESTREA EN NUMAX: 07.06.2019 | V.O.S.E. | +12

La prière (2018, 107')

Dirección: Cédric Kahn

Guión: Cédric Kahn, Fanny Burdino, Samuel Doux, Aude Walker

Elenco: Anthony Bajon, Damien Chappelle, Àlex Brendemühl, Louise Grinberg, Hanna Schygulla, Antoine Amblard, Colin Bates, Magne Håvard Brekke, Davide Campagna, Maïté Maillé

Son: Nicolas Cantin

Montaxe: Laure Gardette

Dirección de arte: Sébastien Assouline, Marine Egry, Valérie Pszonka

Vestuario: Alice Cambournac

Fotografía: Yves Cape

Produtora: Les Films du Worso (Francia)

Distribuidora: Surtsey Films

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Francés

PREMIOS E FESTIVAIS

Berlinalde 2018 (Oso de Prata Mellor Actor), César 2018 (Nomeado a Mellor Actor Revelación), Xixón (Sección Oficial)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Vida salvaje, 2014

Una vida mejor, 2011

Pasión y remordimiento, 2009

Luces rojas, 2004

Roberto Succo, 2001

SINOPSE

Para superar a súa drogodependencia, Thomas, un mozo de 22 anos, únese a unha comunidade relixiosa illada no monte na que os mozos se rehabilitan a través do recollemento espiritual. Thomas terá que pelexar cos seus demos interiores, co seu rexeitamento inicial e coa presenza de Sybille, da que comeza a namorar. Só vencendo esa loita poderá descubrir os valores reais da amizade, o traballo, o amor e a fe.

«Un retrato cativador da rehabilitación e a relixión. Unha dirección moi aguda e unha excelente elección de actores»

Jordan Mintzer,

THE HOLLYWOOD REPORTER



“O cinema é un mecanismo formidábel para filmar o invisible”

Entrevista con Cédric Kahn

Por Fabien Lemercier

Que lle atraeu en concreto deste cruzamento entre a adicción ás drogas e a experiencia relixiosa?

Non creo que fixese o filme sobre un tema sen o outro. É a reunión de ambos o que me inspirou: o camiño duns mozos desde a droga até a fe. A priori pensamos que ambos os asuntos son completamente opostos pero hai moita converxencia. Hai moito tempo que esta historia me interesa. Primeiro oín falar de todos os experimentos que tentaron levar a cabo os relixiosos cos drogodependentes e despois fun ver a estes mozos. Os seus testemuños déronme a idea para facer un filme sobre iso.

Por que decidiu centrar a súa obra nun só personaxe e non desvelar case nada da súa vida anterior á súa entrada na comunidade? Xustamente porque as testemuñas centraban a miña idea do filme: que un personaxe fora ao final todos os demais, que puidese levar sobre os seus ombreiros as historias dos outros. Axiña comprendemos os meus coguionistas e eu que canto menos soubésemos sobre el máis anchos serían

os seus ombreiros e mellor podería representalos a todos. O fascinante é que todas as historias dos toxicómanos parécense moito, así que é coma se, sen mirarse nin coñecerse, xa estivesen todos dentro da mesma historia.

O filme apóiase moito nas elipses e a intriga esténdese ao longo dun ano e medio. Como construíron o guión? A escritura comezou con decisións bastante importantes: ademais de que non debiamos saber nada do protagonista, optamos por empezar coa súa chegada e por quedarnos con el até a súa partida. Entre estas decisións tamén estivo, efectivamente, a de avanzar a través de momentos clave, a grandes trazos dun ou dous días como moito, seguidos de elipses de varios meses. O que me interesaba eran as etapas da súa curación, a súa reconstrución e o seu achegamento á fe.

Como quería abordar o terreo da fe e a súa dimensión irracional? Estas escenas de sensación son progresivas posto que primeiro vémolos encerrados para a oración e logo ábrese ao colectivo, ao canto, á oración en grupo, aos textos. Máis tarde é presentado como un bo elemento pero non sincero de todo, pois tamén se trata dun camiño de sinceridade e de verdade. E chega o momento en que atopa a fe ou a Deus. O importante era que estas escenas estivesen á altura do personaxe para que un espectador non crente ou agnóstico coma min puidese engancharse a elementos da razón. O cinema é un mecanismo formidábel para filmar o invisible. Podemos contar

cousas pero tamén podemos facelas sentir. Había un material formidábel para sentir a oración, o poder do canto, o apaciguamento que produce, e o mesmo vale para os momentos nos que o personaxe vai en busca da súa propia fe.

Que pode dicirnos da elección do actor principal? Foi unha das primeiras decisións. O actor principal non só non debía ser coñecido senón que tampouco debían estar moi vistos ningún dos seus compañeiros. Parecíame importante que o protagonista resultase ante todo críbel e quería xente de nacionalidades e de orixes sociais diferentes. A idea era que en cada rostro puidésemos contar ou intuír unha historia.

O microcosmos do seu filme reflicte o peso actual das adiccions e da relixión no mundo? É verdade que pode representar a nosa época, na que moita xente se inclina pola relixión e a drogodependencia forma parte dos males sufridos por millóns de persoas, pero tamén podemos dicir que os problemas da adicción e das aspiracións á fe son eternos. Podemos vincular iso á idade contemporánea, aos problemas da nosa sociedade, pero creo que isto os supera. Supera mesmo a relixión, posto que o filme vai da reconstrución do vínculo, do feito de poder mirarse aos ollos uns a outros e comprender o mutuo sufrimento. Iso é o que crea humanidade.

Publicado en cineuropa.org
Tradución: Olalla Cociña

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



AMALIA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.
#eusondenamax